

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ABEGONDO

*Anuncio bolsa de estudos curso 2019-2020*

**ASUNTO:** BOLSAS DE ESTUDO 2019 2020

**EXPEDIENTE:** 2020/A002/000001

Por Resolución de Alcaldía núm. 103/2020 de data 12.03.2020 acordouse realizar a convocatoria pública para a concesión de Bolsas de Estudo curso 2019/2020 do Concello de Abegondo.

**ANEXO 1: CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AOS DESPRAZAMENTOS CO FIN ESCOLAR NO CURSO 2019/2020**

#### **Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios**

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020, efectúa o Concello de Abegondo para a concesión de axudas económicas, curso 2019/2020, como acción de fomento e contribución aos gastos derivados da utilización de calquera tipo de transporte para acceder aos centros de ensino con carácter oficial.

O presente expediente está suxeito á dotación orzamentaria dentro da partida 326.48103 cun crédito de 25.000 euros

#### **Segunda. Beneficiarios, requisitos e xeito de acreditación**

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

- Estar empadroado o solicitante no Concello de Abegondo cunha antigüidade mínima de seis meses. Esta circunstancia, que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.

- No caso de alumnos menores de idade a solicitude formularaa o pai, a nai ou o titor do alumno tendo tanto o alumno como o solicitante que estar empadroados no Concello cunha antigüidade mínima de seis meses, excepto en caso de pais separados, neste caso só deberá estar empadroado o pai ou a nai que posúa a custodia. Esta circunstancia, que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.

- Poderán acollerse os/as estudantes que cursen calquera dos seguintes estudos dentro ou fora da Comunidade Autónoma Galega no curso académico 2019/2020:

- Bacharelato.
- Formación Profesional.
- Ensinanzas de réxime especial.
- Educación universitaria.
- Educación Secundaria Adultos (ESA)
- Centros de Educación Especial
- Outros estudos oficiais homologados.

- Ter un 5 de nota media ou o equivalente en créditos no curso académico 2018/2019. Así mesmo, teñen que ter superadas a metade das disciplinas curriculares nas que estiveran matriculados. Si no ano anterior non estivo realizando estudos, téñense en conta os datos académicos do último curso realizado. Aquelas persoas que no curso académico 2018/2019, participasen nun Erasmus, será aceptado, sempre e cando presenten un certificado conforme finalizaron dito programa.

- Non abandonar os estudos.

· Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude.

- Non ser debedor da facenda municipal.

### Terceira. Contía e criterios de selección

Concederase unha única axuda para todo o curso lectivo, e establécese como criterio de concesión a distancia que existe entre o domicilio no que se atopa empadroado o beneficiario e a localidade do centro de ensino onde estea matriculado, segundo o baremo que figura a continuación:

DISTANCIA	AXUDA
≤ 8 km	100 €
9-12 km	140 €
13-14 km	170 €
≥ 15 km	225 €

Na seguinte táboa figuran os kilómetros estimados aos centros educativos da contorna dende as diferentes parroquias do Concello:

SAÍDA	DESTINO	KM
LIMIÑÓN	BETANZOS	≤ 8 km
ABEGONDO COS CRENDES MABEGONDO MEANGOS	BETANZOS	9-12 km
SARANDÓS	CAMBRE	
CABANAS CERNEDA CULLERGONDO FIGUEROA MONTOUTO ORTO PRESEDO SARANDÓS VIÓS	BETANZOS	13-14 km
CRENDES SARANDÓS	CULLEREDO	
PARROQUIAS ABEGONDO	CORUÑA	
VIZOÑO FOLGOSO VILACOBA LEIRO SARANDÓS	BETANZOS	≥ 15 km

Se algunha distancia non estivera contemplada, será estudada pola Comisión Avaliadora.

En canto á nota media do curso obterase calculando a media aritmética das cualificacións numéricas que consten no expediente. Se as notas veñen expresadas como cualificacións literais, considerarase a seguinte táboa de equivalencias para obter a media:

Suspense/Insuficiente/Non presentado	2,5
Aprobado/Apto/Convalidación	5
Ben	6
Notable	7,5
Sobresafinte	9
Matrícula Honra	10

Un colectivo que require unha especial protección a estos efectos é o alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociada ben a algún tipo de discapacidade da que resulte a necesidade de recibir educación especial, ben a una alta capacidade intelectual que precise actividades complementarias á formación regrada.

No caso de ser beneficiario de bolsa de Educación Especial adxudicarase o máximo importe da axuda. Neste caso, só terán que traer as cualificacións do curso 2018/2019 e 2019/2020, aqueles beneficiarios que teñan exames ou probas.

Considéranse beneficiarios das bolsas de Educación Especial os seguintes:

- alumnos/as con discapacidade maior ou igual ao 33%
- alumnos/as que presenten necesidade específica de apoio educativo (alta capacidade intelectual, adaptación curricular, TEA, trastornos graves de conducta, ...)
- alumnos/as que presenten unha enfermidade crónica que lle impida asistir temporalmente ao colexio.

As persoas que estean cursando estudos en máis dun centro só poderán solicitar axuda económica para un deles.

De non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as solicitudes que sexan beneficiarias.

Será susceptible de valoración extraordinaria calquera circunstancia que a comisión considere documentalmente acreditada ou no seu defecto solicitar a documentación que fose precisa.

#### **Cuarta. Órgano competente**

O órgano instrutor do procedemento aos efectos do artigo 24 da Lei 38/2003 será o Concelleiro de Educación.

O órgano colexiado aos efectos do artigo 22 da Lei 38/2003 será a Comisión Cualificadora, que estará constituída pola Técnico responsable en materia de cultura, a animadora cultural, un funcionario e o Concelleiro de Educación.

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde-Presidente ou órgano no que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora.

#### **Quinta. Prazo de presentación de solicitudes e documentación a xuntar**

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da BDNS, no rexistro municipal de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas ou lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderán presentarse na sede municipal na páxina <http://sede.abegondo.es> ata as 23:59:59 horas do último día do prazo. Á solicitude deberá acompañarse os seguintes documentos:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, no que se asinará unha declaración de que a documentación presentada concorda cos orixinais, que terá que ter no seu poder no prazo de catro anos para calquera comprobación que se lle requira.
- Fotocopia do resgardo da matrícula do curso 2019/2020.
- Documentación acreditativa da condición de Educación Especial, de ser o caso, xuntando a seguinte documentación:
  - certificado do grao de discapacidade,
  - certificado/informe do departamento de orientación da entidade educativa.
- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

- Fotocopia das cualificacións obtidas no curso 2018/2019.
- Autorización para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Tesourería da Seguridade Social. No caso de non autorizar a consulta de datos deberá presentar os certificados correspondentes.

No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base nos artigos 28 lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, non terá obriga de achegar:

- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

#### **Sexta. Resolución provisional e definitiva e publicación**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo de tres meses, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos. Posteriormente publicarase no taboleiro de editos e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es) do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación.

Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación así como á súa publicación no taboleiro de editos do Concello e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es)

A publicación das resolucións neste procedemento substituirá ás notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Concello publicará a relación provisional e definitiva dos solicitantes da bolsa, nos taboleiros de anuncios e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es).

Establécese un prazo de resolución de cinco meses contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias. De producirse silencio administrativo entenderase denegada a solicitude.

#### **Sétima. Xustificación**

A efectos de xustificar a axuda concedida, o Concello comprobará que os/as estudantes destinaron para a finalidade que foi concedida. Para elo, os/as estudantes que cursen estudos nos que se realicen exames ou probas, deberán acreditar que se presentaron, como mínimo, ao 50 % das materias nas que se matricularon a través do boletín de cualificacións do curso 2019/2020. Esta documentación deberá presentarse unha vez finalizados os estudos sendo a data límite o 31.07.2020.

En calquera caso o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O beneficiario ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Oitava. Pago**

O pago das bolsas efectuarase por transferencia bancaria aos solicitantes ou representante legal unha vez presentada a documentación xustificativa e comprobada a mesma. Non se admiten pagos anticipados.

Os solicitantes deberán presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese a dita axuda, acreditando a dita conta mediante certificación bancaria achegada coa solicitude.

#### **Novena. Compatibilidade**

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios cos requisitos previstos na base segunda.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolto pola entidade beneficiaria.

#### **Décima. Recursos**

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o interesado poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que ditou o acto recurrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdicción do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción do Contencioso Administrativo.

3. Todo iso, sen prexuízo de que o interesado interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

## MODELO DE SOLICITUDE



1030 SOLICITUDE DE  
BOLSAS DE ESTUDOS  
(Axudas aos desprazamentos  
co fin escolar)

(Selo de rexistro)

### Datos da persoa solicitante

Nome e apelidos		NIF/NIE	
R./Lg. <sup>(1)</sup>		Parroquia	
Bloq./Escaleira		Piso/porta	
Código Postal		Municipio	
Provincia		Teléfono	
Correo electrónico <sup>(2)</sup>			

<sup>(1)</sup> enderezo para notificación postal <sup>(2)</sup> correo electrónico para notificación electrónica

### Datos da nai, pai ou titor/a se a persoa solicitante é menor

Nome e apelidos		NIF/NIE	
R./Lg. <sup>(3)</sup>		Parroquia	
Bloq./Escaleira		Piso/porta	
Cód. Postal		Municipio	
Provincia		Teléfono	
Correo electrónico <sup>(4)</sup>			

<sup>(3)</sup> enderezo para notificación postal <sup>(4)</sup> correo electrónico para notificación electrónica

**SOLICITA** de acordo coas bases da convocatoria das Bolsas de Estudo curso 2018-2019 as axudas aos desprazamentos co fin escolar

### ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2018/19

<input type="checkbox"/> Bacharelato <input type="checkbox"/> Formación profesional <input type="checkbox"/> Ensinanzas de réxime especial <input type="checkbox"/> Educación universitaria <input type="checkbox"/> Educación secundaria de adultos (ESA) <input type="checkbox"/> Centros de educación especial <input type="checkbox"/> Outros estudos oficiais homologados
--

### BENEFICIARIOS DE BOLSA DE EDUCACIÓN ESPECIAL (seleccione o que corresponda se é o caso)

<input type="checkbox"/> Alumnos/as con discapacidade igual ou maior a 33%. <input type="checkbox"/> Alumno/as con necesidade específica de apoio educativo (alta capacidade intelectual, adaptación curricular, TEA, trastornos graves de conduta...) <input type="checkbox"/> Alumnos/as que presenten unha enfermidade crónica que lle impida asistir temporalmente ao colexio.
--

### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> Matrícula curso 2019/2020 <input type="checkbox"/> Cualificacións do curso 2018/19 <input type="checkbox"/> Certificado de número de conta bancaria (no caso de novos solicitantes ou por cambio de número de conta) <input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade <input type="checkbox"/> Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e fiscais coa AEAT (só no caso de non autorizar a consulta aos datos tributarios e fiscais) <input type="checkbox"/> Certificado de estar ao corrente das obrigas coa seguridade social (só no caso de non autorizar a consulta aos datos da seguridade social) <input type="checkbox"/> Outra documentación: <input type="text"/>
--



### NÚMERO DE CONTA

Titular:															
E	S														

**DECLARO**

**PRIMEIRO.-** Cumpro os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 1 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SEGUNDO.-** A documentación achegada para a concesión da bolsa de estudos é exacta e fiel ás miñas circunstancias persoais e económicas actuais.

**TERCEIRO.-** Comprométome a conservar a documentación orixinal durante un período de 4 anos.

**CUARTO.-** Non solicitei, nin obtiven, subvencións para a mesma finalidade ao longo do presente ano. No caso de solicitar indicar os seguintes datos:

Organismo: <input type="text"/>	Organismo: <input type="text"/>
Importe solicitado (€): <input type="text"/>	Importe solicitado (€): <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Concedida	<input type="checkbox"/> Concedida
<input type="checkbox"/> Denegada	<input type="checkbox"/> Denegada
<input type="checkbox"/> En trámite	<input type="checkbox"/> En trámite

De acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, por isto Concello de Abegondo accederá aos seus datos tributarios, fiscais e da seguridade social co obxecto da tramitación d expediente. Presúmese que a consulta ou obtención é autorizada coa sinatura desta solicitude salvo que conste n procedemento a oposición expresa.

**Seleccione a forma de notificación (no caso de persoa física. Ás persoas xurídicas notificarase de forma electrónica obrigatoriamente)**

Notifíquese a  Persoa solicitante  Persoa representante

**Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia [Notific@](mailto:Notific@), <https://notifica.xunta.gal>  
*Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.  
 Ao elixir esta modalidade de notificación vostede autoriza a alta no Sistema Notific@.  
 Os avisos da posta a disposición da notificación enviaranse ao correo electrónico (dirección indicada anteriormente segundo a persoa seleccionada á que se notifica)*

**Postal** (endereço postal indicado anteriormente segundo a persoa seleccionada á que se notifica)

Abegondo  de  de

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

"De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo/a de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE ABEGONDO, c/ endereço SAN MARCOS, N.º 1, 15318 – ABEGONDO (A Coruña). Os datos serán utilizados para prestar o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo por obrigações legais. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. Para iso, CONCELLO DE ABEGONDO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Por presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa en: SAN MARCOS, N.º 1, 15318 – ABEGONDO (A Coruña)."



Concello de Abegondo San Marcos, 1 | 15318 Abegondo (A Coruña) | Tfn.: 981 647 909 Fax: 981 673 050  
[www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal) | [sede.abegondo.gal](mailto:sede.abegondo.gal) | [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

## ANEXO 2: CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE ESTUDIO PARA A ESCOLARIZACIÓN, CURSO 2019/2020 DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN SECUNDARIA

### Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020, efectúa o Concello de Abegondo para a concesión de bolsas de estudo, curso 2019/2020, para a adquisición de libros de texto e/ou material escolar destinada a alumnos cursando estudos de Educación Infantil (segundo ciclo), Primaria e Educación Secundaria.

No concepto de libros e material escolar inclúese:

- libros escolares (inclúense os dicionarios)
- libros de lectura necesarios durante o curso escolar
- material funxible (bolígrafos, cadernos, cores, rotuladores, tesoiras, gomas, afialapis, carpetas, libretas, pegamentos, lapis, tempera, pinceis, archivadores, material de debuxo, instrumento musical, etc) necesario para a actividade escolar.
- mochila, estoxo e neceser. O importe máximo neste concepto non será superior ao 50 % da axuda concedida.
- vestiario básico (chándal, mandilón, calcetíns, zapatillas de deporte). O importe máximo neste concepto non será superior ao 50 % da axuda concedida.
- material e libros específicos para o alumnado con necesidades educativas especiais
- equipamento informático para o alumnado que estea dentro do programa Abalar
- material incluído na listaxe de educación infantil distinto do material funxible (toallitas húmidas e panos)

O presente expediente está suxeito á dotación orzamentaria dentro da partida 326.48102 cun crédito de 30.000 euros.

### Segunda. Beneficiarios, requisitos e xeito de acreditación

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

- A solicitude formularaa o pai, nai ou titor do alumno tendo tanto o alumno como os pais que estar empadroados no Concello cunha antigüidade mínima de seis meses, excepto en caso de separación, na que se require que estea empadroado o solicitante que teña a custodia. Esta circunstancia, que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, será comprobada de oficio polos servizos municipais.
- Poderán acollerse os/as estudantes que cursen calquera dos seguintes estudos:
  - Educación Infantil (segundo ciclo)
  - Educación Primaria
  - Educación Secundaria
- Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude.
- Non ser debedor da facenda municipal.

### Terceira. Contía e criterios de selección

As axudas que se concederán atenderán as posibilidades económicas das familias procurando garantir o desenvolvemento educativo. Para iso, estableceranse distintos tramos baseados na renda per cápita familiar.

Así para efectos de esta beca, enténdese por renda per cápita da unidade familiar o resultado de dividir a renda da unidade familiar entre o número de membros computables.

Para estes efectos enténdese por membros computables:

- o propio solicitante
- os pais non separados legalmente e no seu caso, titor/a, ou persoa encargada da garda e da protección do menor
- os fillos e fillas ata 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- os fillos e fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial con minusvalía do 33% ou superior.
- a persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada con custodia compartida

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, nai, e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores. Esta circunstancia da unidade familiar comprobarase a través do empadramento que será revisado polos servizos municipais e o libro de familia.

No caso de que os solicitantes constituán unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o cónxuxe, ou persoa a que se atope vinculado por análoga relación, así como os fillos que tivera.

No caso de familias monoparentais ao que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número total de membros que compoñen a unidade familiar. A condición de familia monoparental, entendida como a nai ou pai que conviva coa/co filla/o constituíndo o/a sustentador/a único/a da familia acreditarase mediante os seguintes medios:

- Fotocopia do libro de familia
- Sentenza de separación/divorcio e ou convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais.
- Xustificante de viuvez (de ser o caso).
- Certificado de minusvalía dos fillos maiores de dezoito anos con minusvalía do 33% ou superior.

Nos casos de violencia de xénero adxudicarase o importe máximo da beca segundo o ciclo que estea cursando, sen ter en conta ningún tipo de baremación e acreditarase por medio de calquera dos seguintes documentos:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que se sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG nº 152, do 7 de agosto)
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e /ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social

Para efectos desta convocatoria, cando se presentara a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2018, sumaranse a base imponible xeral e a base imponible do aforro; cando non se presentase ese exercicio, terase en conta os ingresos dacordo os datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

As axudas a percibir serán as que se reflicten na seguinte táboa:

ESTUDOS	TRAMOS (segundo a Renda per Cápita Familiar)		
	Inferior ou igual ao 75% do IPREM (Igual ou inferior a 5.639,69 €)	Maior ao 75% e menor ou igual ao 150% do IPREM (Maior a 5.639,69 e menor ou igual a 11.279,38 €)	Superior ó 150% do IPREM Superior a 11.279,38 €
Educación Infantil	80 €	60 €	Denegada
Educación Primaria	100 €	75 €	
Educación Secundaria	115 €	90 €	

No caso de ser beneficiario de bolsa de Educación Especial adxudicarase o máximo importe da beca segundo os estudos que estea cursando o/a estudante.

Considéranse beneficiarios das bolsas de Educación Especial os seguintes:

- alumnos/as con discapacidade maior ou igual ao 33%
- alumnos/as que presenten necesidade específica de apoio educativo (alta capacidade intelectual, adaptación curricular, TEA, trastornos graves de conducta, ...)
- alumnos/as que presenten unha enfermidade crónica que lle impida asistir temporalmente ao colexio.

Tendo en conta os máximos subvencionables arriba expostos na táboa, a contía da subvención nunca será superior ao importe xustificado. De ser preciso, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso segundo o gasto real efectuado polo beneficiario/a.

De non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as solicitudes que sexan beneficiarias.

Será susceptible de valoración extraordinaria calquera circunstancia que a comisión considere documentalmente acreditada ou no seu defecto solicitar a documentación que se considere oportuna.

#### **Cuarta. Órgano competente**

O órgano instructor do procedemento aos efectos do artigo 24 da Lei 38/2003 será o Concelleiro de Educación.

O órgano colexiado aos efectos do artigo 22 da Lei 38/2003 será a Comisión Cualificadora, que estará constituída pola Técnico responsable en materia de cultura, a animadora cultural, un funcionario e o Concelleiro de Educación.

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde-Presidente ou órgano no que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora.

#### **Quinta. Prazo de presentación de solicitudes e documentación a xuntar**

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da BDNS, no rexistro municipal de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas ou lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderán presentarse na sede municipal na páxina <http://sede.abegondo.es> ata as 23:59:59 horas do último día do prazo. Á solicitude deberá acompañarse os seguintes documentos:

##### **A) DOCUMENTACIÓN XERAL:**

· Impreso de solicitude debidamente cuberto, no que se asinará unha declaración de que a documentación presentada concorda cos orixinais, que terá que ter no seu poder no prazo de catro anos para calquera comprobación que se lle requira.

· Fotocopia resguardo da matrícula.

· Fotocopia do libro de familia.

· Fotocopia da declaración da renda do ano 2018 ou no seu caso autorización asinada no impreso de solicitude. As unidades familiares exentas desta obriga deberán acreditar a súa situación, xuntando a seguinte documentación:

a) Para os membros activos laboralmente, certificado de Facenda de ingresos no ano 2018.

b) Acreditación, por calquera medio axustado ao dereito, de percibir ou non algunha prestación ou pensión (INEM, Xunta, Seguridade Social,...) e o importe da mesma.

A renda familiar deberá ser acreditada polos pais (nai e pai) ou titor do/a estudante.

· Certificado do núm. de conta bancaria onde realizar o ingreso da bolsa .

· Factura/s ou facturas simplificadas, orixinais ou fotocopias compulsadas xustificativas de ter adquirido libros e material escolar que deberán presentarse de forma individualizada por beneficiario (alumna/o)

**B) DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CONDICIÓ DE FAMILIA MONOPARENTAL:** Ademais da documentación xeral deberán presentar a seguinte documentación segundo proceda:

· Sentenza de separación ou divorcio e /ou convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais, ou xustificante de viuvez, de ser o caso.

· Fotocopia do certificado de minusvalía dos fillos maiores de 18 anos con minusvalía do 33% ou superior.

##### **C) DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CONCORRENCIA DE SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO.**

De concorrer esta circunstancia deberá presentarse, ademais da documentación xeral, calquera dos documentos establecidos ao efecto na Base Terceira.

##### **D) DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CONDICIÓ DE EDUCACIÓN ESPECIAL**

· Certificado do grao de discapacidade.

· Certificado/informe do departamento de orientación da entidade educativa.

##### **E) DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA OS ESTUDANTES DE EDUCACIÓN SECUNDARIA.**

· Fotocopia das cualificacións obtidas no curso 2018/2019. Aqueles alumnos que non acaden como mínimo un 5 de nota media ou o equivalente en créditos ademais de non ter superadas a metade das disciplinas curriculares nas que estea matriculado non terán dereito á axuda. A nota media do curso obterase calculando a media aritmética das cualificacións numéricas que consten no expediente. Se as notas veñen expresadas como cualificacións literais, considerarase a seguinte táboa de equivalencias para obter a media:

Suspense/Insuficiente/Non presentado	2,5
Aprobado/Apto/Convalidación	5
Ben	6
Notable	7,5
Sobresaiñte	9
Matrícula Honra	10

No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base nos artigos 28 lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, non terá obriga de achegar:

- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.
- Libro de familia

#### **Sexta. Resolución provisional e definitiva e publicación**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo de tres meses, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos. Posteriormente publicarase no taboleiro de editos e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es) do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación.

Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación así como á súa publicación no taboleiro de editos do Concello e na sede municipal [www.sede.abegondo.es](http://www.sede.abegondo.es)

[A publicación das resolucións neste procedemento substituirá ás notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.](#)

[O Concello publicará a relación provisional e definitiva dos solicitantes da bolsa, nos taboleiros de anuncios e na sede municipal \[www.sede.abegondo.es\]\(http://www.sede.abegondo.es\).](#)

[Establécese un prazo de resolución de cinco meses contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias. De producirse silencio administrativo entenderase denegada a solicitude.](#)

#### **Sétima. Xustificación**

A subvención entenderase xustificada coa presentación de facturas ou facturas simplificadas dos gastos efectuados en concepto de libros e material escolar definido na base primeira, así como dos ingresos percibidos para a mesma finalidade. Deberán presentar xustificantes pola totalidade dos gastos efectuados para cada unha das actividades subvencionadas, de non ser así o concello modificará as contías en proporción ao efectivamente xustificado.

Admitiranse como documentos xustificativos as facturas ou facturas simplificadas que deberán presentarse de forma individualizada por beneficiario (alumna/o).

A presentación desta documentación xustificativa pódese realizar no momento de solicitude da axuda ou durante o curso escolar, sendo a data límite para a súa entrega o 15 de maio de 2020.

En calquera caso o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requerida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O beneficiario ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Oitava. Pago**

O pago das bolsas efectuarase por transferencia bancaria aos solicitantes ou representante legal unha vez presentada a documentación xustificativa e comprobada a mesma. Non se admiten pagos anticipados.

Os solicitantes deberán presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese a dita axuda, acreditando a dita conta mediante certificación bancaria achegada coa solicitude.

### Novena. Compatibilidade

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados sempre e cando a suma de ambas axudas non supere o gasto xustificado.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

### Décima. Recursos

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o interesado poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que dictou o acto recurrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdicción do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquél no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción do Contencioso Administrativo.

3. Todo iso, sen prexuízo de que o interesado interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

### MODELO DE SOLICITUDE



I030 SOLICITUDE DE  
BOLSAS DE ESTUDOS  
(Axudas para a escolarización)

(Solo de rexistro)

#### Datos da persoa solicitante

Nome e apelidos		NIF/NIE	
R./Lg. <sup>(1)</sup>	Parroquia	Núm.	
Bloq./Escaleira	Piso/porta	Código Postal	Municipio
Provincia	Teléfono	Correo electrónico <sup>(2)</sup>	

<sup>(1)</sup> enderezo para notificación postal <sup>(2)</sup> correo electrónico para notificación electrónica

#### Datos da nai, pai ou titor/a

Nome e apelidos		NIF/NIE	
R./Lg. <sup>(3)</sup>	Parroquia	Núm.	
Bloq./Escaleira	Piso/porta	Cód. Postal	Municipio
Provincia	Teléfono	Correo electrónico <sup>(4)</sup>	

<sup>(3)</sup> enderezo para notificación postal <sup>(4)</sup> correo electrónico para notificación electrónica

#### Solicita de acordo coas bases da convocatoria das Bolsas de Estudo curso 2018/ 19 a:

- Bolsa de Educación Infantil (segundo cido)  
 Bolsa de Educación Primaria  
 Bolsa de Educación de Secundaria Obrigatoria

#### Beneficiarios da bolsa de educación especial (seleccione o que corresponda se é o caso)

- Alumnos/as con discapacidade igual ou maior a 33%.  
 Alumno/as con necesidade específica de apoio educativo (alta capacidade intelectual, adaptación curricular, TEA, trastornos graves de conduta...)  
 Alumnos/as que presenten unha enfermidade crónica que lle impida asistir temporalmente ao colexio.

#### Documentación que se achega

- Matricula curso 2019/2020  
 Cualificacións do curso 2018/2019 (só estudantes de educación secundaria obrigatoria)  
 Libro de familia (no caso de novos solicitantes ou por cambio de situación familiar)  
 Certificado de número de conta bancaria (no caso de novos solicitantes ou por cambio de número de conta)  
 Certificado de discapacidade  
 Facturas e/ou facturas simplificadas  
 Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e fiscais coa AEAT (só no caso de non autorizar a consulta aos datos tributarios e fiscais)  
 Certificado de estar ao corrente das obrigas coa seguridade social (só no caso de non autorizar a consulta aos datos da seguridade social)  
 Renda do 2018 (só no caso de non autorizar a consulta aos datos tributarios e fiscais)  
 Outra documentación: \_\_\_\_\_

#### Número de conta

Titular:															
E	S														



Concello de Abegondo San Marcos, 1 | 15318 Abegondo (A Coruña) | Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050  
[www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal) | [sede.abegondo.gal](mailto:sede.abegondo.gal) | [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

## Declaro

**PRIMEIRO.-** Cumpro os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 1 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SEGUNDO.-** A documentación achegada para a concesión da bolsa de estudos é exacta e fiel ás miñas circunstancias persoais e económicas actuais.

**TERCEIRO.-** Comprométeme a conservar a documentación orixinal durante un período de 4 anos.

**CUARTO.-** Non solicitei, nin obtiven, subvencións para a mesma finalidade ao longo do presente ano. No caso de solicitar indicar os seguintes datos:

Organismo:  Organismo:   
 Importe solicitado (€):  Importe solicitado (€):

De acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, por isto a administración accederá aos seus datos tributarios e fiscais e da seguridade social co obxecto da tramitación do expediente das bolsas de estudo que precisen este dato. Para iso, debe indicarme os datos dos membros da unidade familiar cuxos ingresos sexan computables para o recoñecemento, seguimento e/ou control da axuda:

PARENTESCO CO/A SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	AUTORIZACIÓN (Sinatura)

## Axuda que solicita

ESTUDOS	TRAMOS (segundo a Renda per Cápita Familiar) renda da unidade familiar / número de membros da unidade familiar computables (cadro base imponible xeral + cadro base imponible aforro do exercicio 2018 / número de membros da unidade familiar computables)		
	Inferior ou igual ao 75% do IPREM (Igual ou inferior a 5.639,69 €)	Maior ao 75% e menor ou igual ao 150% do IPREM (Maior a 5.639,69 e menor ou igual a 11.279,38 €)	Superior ó 150% do IPREM (Superior a 11.279,38 €)
Educación Infantil	<input type="checkbox"/> 80 €	<input type="checkbox"/> 60 €	Denegada
Educación Primaria	<input type="checkbox"/> 100 €	<input type="checkbox"/> 75 €	
Educación Secundaria	<input type="checkbox"/> 115 €	<input type="checkbox"/> 90 €	

(O Concello comprobará a veracidade dos datos)

## Xustificación do gasto total efectuado

	MATERIAL	VESTIARIO BÁSICO (só se subvencionará un máximo do 50% da axuda)	MOCHILA, NECESER, ESTOXO (só se subvencionará un máximo do 50% da axuda)	TOTAL EUROS Importe máximo subvencionable
Gasto efectuado				
Outras axudas				
Máximo subvencionable				

De acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións pública os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, por isto Concello de Abegondo accederá ao certificado de discapacidade co obxecto da tramitación do expediente. Presúmese que consulta ou obtención é autorizada coa sinatura desta solicitude salvo que conste no procedemento a oposición expresa.

## Selección a forma de notificación (no caso de persoa física. Ás persoas xurídicas notificarase de forma electrónica obrigatoriamente)

Notifíquese a  Persoa solicitante  Persoa representante

**Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia [Notific@.https://notifica.xunta.gal](mailto:Notific@.https://notifica.xunta.gal)  
 Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.  
 Ao elixir esta modalidade de notificación vostede autoriza a alta no Sistema Notific@.  
 Os avisos da posta a disposición da notificación envíanse ao correo electrónico (dirección indicada anteriormente segundo a persoa seleccionada á que se notifica)

**Postal** (enderezo postal indicado anteriormente segundo a persoa seleccionada á que se notifica)

Abegondo  de  de

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo/a de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE ABEGONDO, c/ enderezo SAN MARCOS, N.º 1, 15318 - ABEGONDO (A Coruña). Os datos serán utilizados para prestar o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os seus datos non se cederen a terceiros, salvo por obrigações legais. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. Para iso, CONCELLO DE ABEGONDO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pódese presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pódese consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándola en: SAN MARCOS, N.º 1, 15318 - ABEGONDO (A Coruña).



Concello de Abegondo San Marcos, 1 | 15318 Abegondo (A Coruña) | Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050  
[www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal) | [sede.abegondo.gal](mailto:sede.abegondo.gal) | [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O que asino aos efectos oportunos.

Abegondo, 17 de marzo de 2020

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2020/2217